



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliacións medias en outubro de 2023**

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2023

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de outubro do ano 2023 acadou a cifra de 1.067.853 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de setembro de 2023 de 3.259 afiliacións (-0,30%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.817.657, rexistrando un aumento do 0,45% con respecto ao pasado mes de setembro.

Na comparativa interanual (outubro de 2023 con outubro de 2022) obsérvase un aumento de 19.153 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,83%) e un aumento do 2,63% (533.871 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de setembro de 2023, rexístrase unha subida das afiliacións en doce comunidades autónomas, destacando a Comunitat Valenciana (1,71%); mentres que en cinco comunidades autónomas baixan as afiliacións, destacando Illes Balears (-5,40%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears, Madrid e Canarias con taxas interanuais superiores ao 3,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2023	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>20.817.657</b>	<b>92.862</b>	<b>0,45</b>	<b>533.871</b>	<b>2,63</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.067.853</b>	<b>-3.259</b>	<b>-0,30</b>	<b>19.153</b>	<b>1,83</b>
Andalucía	3.330.950	12.384	0,37	56.457	1,72
Aragón	607.290	3.183	0,53	14.965	2,53
Asturias	379.798	855	0,23	6.793	1,82
Illes Balears	583.476	-33.313	-5,40	25.695	4,61
Canarias	896.101	9.725	1,10	31.889	3,69
Cantabria	228.524	-1.161	-0,51	2.781	1,23
Castilla La Mancha	767.044	-7.102	-0,92	17.280	2,30
Castilla y León	969.227	3.939	0,41	21.400	2,26
Cataluña	3.714.672	11.882	0,32	97.279	2,69
Comunitat Valenciana	2.113.939	35.516	1,71	58.299	2,84
Extremadura	408.429	-5.117	-1,24	1.674	0,41
Madrid	3.608.428	42.657	1,20	134.015	3,86
Murcia	639.868	6.461	1,02	15.871	2,54
Navarra	308.159	2.025	0,66	5.967	1,97
País Vasco	1.008.668	13.675	1,37	18.977	1,92
La Rioja	137.311	500	0,37	2.802	2,08
Ceuta e Melilla	47.922	12	0,03	2.575	5,68

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

<sup>1</sup> O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,99%, seguida de Ourense (1,86%), Pontevedra (1,86%) e Lugo (1,10%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de outubro con respecto ás do mes de setembro, rexistrouse en Galicia un descenso do 0,30%. Por provincias, Ourense (-0,76%), Pontevedra (-0,70%) e Lugo (-0,63%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa, mentres que A Coruña (0,22%) presenta unha taxa de variación intermensual positiva.

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2023	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	462.535	993	0,22	9.018	1,99
LUGO	125.540	-796	-0,63	1.360	1,10
OURENSE	106.072	-812	-0,76	1.940	1,86
PONTEVEDRA	373.706	-2.644	-0,70	6.834	1,86
<b>GALICIA</b>	<b>1.067.853</b>	<b>-3.259</b>	<b>-0,30</b>	<b>19.153</b>	<b>1,83</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>20.817.657</b>	<b>92.862</b>	<b>0,45</b>	<b>533.871</b>	<b>2,63</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,93% das afiliacións galegas en outubro de 2023, diminuíron un 0,36% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,61%. En España estas taxas foron do 0,52% con respecto a setembro de 2023 e do 3,09% en relación ao mes de outubro de 2022. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,58%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,58%), Ourense (-1,35%) e A Coruña (-0,64%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,25%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,58%. Para este réxime e con respecto ao mes de setembro de 2023, baixan as afiliacións en Pontevedra (-0,19%) e Lugo (-0,05%), mentres que suben en Ourense (0,03%) e A Coruña (0,02%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,06%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,38% e unha subida intermensual do 0,16%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a outubro de 2022, baixan as afiliacións na Coruña (-9,82%), Lugo (-4,18%) e Pontevedra (-3,57%). A taxa galega acadada entón o -5,45%, inferior á de España (-1,93%). Con respecto a setembro de 2023, A Coruña presenta un incremento do 1,68%, mentres que Pontevedra (-1,68%) e Lugo (-0,15%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa. A taxa galega amosa un descenso do 0,65% con respecto a setembro de 2023. A taxa nacional é do -3,75%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2023	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	462.535	0,22	1,99
LUGO	125.540	-0,63	1,10
OURENSE	106.072	-0,76	1,86
PONTEVEDRA	373.706	-0,70	1,86
GALICIA	1.067.853	-0,30	1,83
ESPAÑA	20.817.657	0,45	2,63
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	373.335	0,24	2,79
LUGO	92.375	-0,84	2,14
OURENSE	83.493	-0,97	2,77
PONTEVEDRA	293.696	-0,78	2,49
GALICIA	842.899	-0,36	2,61
ESPAÑA	17.409.596	0,52	3,09
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	83.784	0,02	-0,64
LUGO	31.713	-0,05	-1,58
OURENSE	22.578	0,03	-1,35
PONTEVEDRA	67.561	-0,19	0,25
GALICIA	205.636	-0,06	-0,58
ESPAÑA	3.344.771	0,16	0,38
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.417	1,68	-9,82
LUGO	1.453	-0,15	-4,18
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.449	-1,68	-3,57
GALICIA	19.319	-0,65	-5,45
ESPAÑA	62.365	-3,75	-1,93

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>